

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZASETE DE XANEIRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de decembro do ano pasado, que logo de facer a corrección que de seguida se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes:

“Factura núm. 143/11 de “Montajes Eléctricos Vizcaino, S.L” por mantemento alumeadado público no mes de novembro. Importe 2.300,00 euros”, debe dicir “Facturas núms. 143/11 e 154/11 de “Montajes Eléctricos Vizcaino, S.L” por mantemento alumeadado público nos meses de novembro e decembro. Importe 4.600,00 euros”

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1757 de Rita M^a. Piñeiro Caldelas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a reforma da fachada da súa vivenda unifamiliar situada en Cimadevila, en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Coruña.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e catro (#24,00#) euros.

2.2.- Instancia núm. 1759/11 de don Fernando Seoane Devesa.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 76 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Trobe, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 m. de distancia dende o eixe da vía; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso, e axustarase ás condicións da solicitude.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e sete euros con vinte e nove céntimos (#47,29#).

2.3.- Instancia núm. 1/12 de don Juan Guerra Neira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 30 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame e dous portais, no lugar de Pousada de Arriba nº 10, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e oito euros con sesenta e sete (#58,67#) céntimos

2.4.- Instancia núm. 1758/11 de dona Mercedes Barco Paz.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 80 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Trobe, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

Dáse conta así mesmo da autorización da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 m. dende o centro da estrada; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso, e axustarase ás condicións da solicitude.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e sete euros con vinte e seis céntimos (#37,26#)

2.5.- Licenza para acondicionamento e peche de parcela dotacional en San Pedro de Sarandón

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder licenza e legalizar as obras consistentes no acondicionamento e peche da parcela núm. 524 do plano de concentración parcelaria de Sarandón, situada no lugar de San Pedro, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección ordinaria e como solo destinado a cemiterio (CM-14), de acordo co proxecto redactado polo arquitecto don Fernando Faya Martínez, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a altura media do peche na súa parte opaca non poderá superar 1 m. de altura e 1,80 m. no total.

2.6.- Corrección de erros proxecto de parcelación

Con data 16/06/2010 a Xunta de Goberno concedeulle a dona M^a. Soledad Pacheco Milmanda licenza para proceder á parcelación e agrupación de parcelas en Viño grande - Illobre, segundo proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Beillet García.

Detectado erro no citado proxecto e a solicitude da interesada, a Xunta de Goberno acorda aprobar o proxecto modificado, no sentido de que na descrición da finca núm. 5 di “Labradio al sitio de Viño grande, en donde llaman “zoco”, parroquia de San Andrés de Illobre, municipio de Vedra, de la superficie de seis áreas y doce centiáreas. Linda por todos sus vientos con más propiedad de María Soledad Pacheco Milmanda”.

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de actividade para obradoiro de pastelería en San Xián de Sales

Examinado o expediente promovido por dona M^a José Peña Franqueiro en representación de Forno de San Xián, S.C., segundo a súa solicitude núm. 1693 de data 19 de outubro de 2011, para licenza de actividade para *Obradoiro e pastelería* no lugar de Paradela (San Xián de Sales).

Tendo en conta que o expediente foi remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para consulta sobre sometemento da actividade ao trámite de incidencia ambiental e que este organismo, con data 3 de outubro de 2011, resolve a sobre o innecesario de tal sometemento, se ben establece unha serie de medidas correctoras a ter en conta.

Tendo en conta que se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días e que por Secretaría se certificou a non presentación de alegacións.

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Licenza da actividade:

1º.- Conceder a dona M^a José Peña Franqueiro, en representación de Forno de San Xián, S.C., a licenza de actividade para *Obradoiro de pastelería* no lugar de Paradela (San Xián de Sales), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística pre-

vista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais. Así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas, se ben deberá terse en conta o disposto na resolución relativa ao non sometemento a avaliación de incidencia ambiental.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

Non se poderá iniciar a actividade sen que se teña obtivo a previa Acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá solicitala e presentar certificación final de obra e instalación e informe acústico elaborado por empresa autorizada

Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

2.- Licenza de obra

Dáse conta da instancia de dona María José Peña Franqueiro, con domicilio en Paradelá, 16 - San Xián de Sales, que solicita licenza para Acondicionamento para obradoiro de pastelería, sito no lugar de Paradelá (San Xián de Sales), emprazada en solo de núcleo rural (N1) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, redactado polo arquitecto, D. Antonio Sabucedo Costa e con un orzamento de 8.700,00 euros, cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral vixente do Concello de Vedra.

A Xunta de Goberno á vista do informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais acorda conceder a licenza solicitada debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado coas últimas modificacións aportadas.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de centro setenta e catro euros (#174,00#).

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda conceder as seguintes axudas con cargo ao programa de emerxencia social, financiado con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial (83,28%) e con cargo ao concello (16,72%):

*D^a. Amabel Varela Rey (tratamento de rehabilitación psicopedagóxica menor a cargo e desprazamentos): 1.026,00 euros.

*D. José Luís Carreira Quinteiro (necesidades básicas e equipamento básico de vivenda): 1.118,27 euros.

*D^a. Consuelo Rocha Pardo (necesidades básicas e equipamento vivenda): 1.118,27 euros.

*D^a. Rocio Rosende Miranda (necesidades básicas): 585,76 euros.

*D^a. M^a. Carmen Balado Rodríguez (necesidades básicas medicación): 744,67 euros.

*D^a. Ana Dacosta Iglesias (necesidades básicas e equipamento vivenda): 1.065,02 euros.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de decembro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións que se levan a cabo sobre unha parcela si-

tuada en Tomonde propiedade de don Juan García Trigo e ordenar a suspensión inmediata dos citados actos.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de xaneiro do ano que andamos, pola que se ordena proceder ao arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto de don José Vieites Moure, en calidade de propietario da parcela mencionada ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda requirir a dona Carmen Carrillo López, para que dentro do prazo de tres meses solicite a correspondente licenza de demolición, xa que os actos realizados son compatibles co planeamento urbanístico.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de xaneiro do ano que andamos, pola que a pedimento dos interesados, delégase nos concelleiros don José Alvela Edreira e dona Margarita Devesa Cardelle a celebración de dous casamentos a celebrar os días 5 e 7 de xaneiro respectivamente.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de subvención para a promoción da lingua galega.

Dáse conta da Orde do 16 de decembro de 2011 da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115A) (DOG nº 3/12, do 4 de xaneiro).

A Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para a dinamización lingüística e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada convocatoria.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.